



## ARTELIXO13

**ARTELIXO** 2013 xa está en camiño...

### Convocatoria.

O **Arte** volta a inundar Redondela... e o **lixo** reivindica unha nova vida.... Si estades interesados/as en participar nesta nova edición de artelixo as datas da exposición serán do 26 de agosto ao 6 de setembro de 2013. Como sabedes as obras estarán expostas na rúas e prazas de Redondela durante eses días e poderán sufrir as modificacións propias da exposición ós elementos meteorolóxicos e humanos. Envíanos un pequeno debuxo ( bocetolixo) co título da obra e o teu nome ou alcume e os materiais utilizados para que figure no "catálogolixo" antes do 12 de agosto e o lugar onde creedes que encaixaría a vosa obra. Indícnos tamén as necesidades técnicas para que vos podamos axudar na montaxe dentro das nosas posibilidades.

As montaxes e instalacións das obras nas rúas se farán o día 26 de agosto.

Recordarvos que tamén podedes participar no "**Videolixo**" con pequenos vídeos caseiros de temática lixo que se proxectarán na alameda. O programa de esta edición se completa con "**Mercalixo**", para "dar una segunda oportunidade a os materiais"; o "**Obralixo**", obradoiros con materiais de refugallo destinado a os/as máis pequenos/as. Estamos tentando recuperar o "ParnaLixo", Recopilatorio de "poesía lixo" de poetas galegos/as, e seguimos abertos a ideas e propostas. Moitas Grazas por participar.

### Saúde e **ARTELIXO**



+ info: [artelixedondela@gmail.com](mailto:artelixedondela@gmail.com)

[www.facebook.com/artelixo](http://www.facebook.com/artelixo)

[www.facebook.com/sen.ghasoil](http://www.facebook.com/sen.ghasoil)